

# ANDAINAS DUN MONICREQUE

Autor:

Marcelino de Santiago Viqueira

2010

## Presentación

---

*En escena hai unha mesa central (mesa c), unha mesa mediana (mesa m), unha mesa grande(mesa g,) unha mesa pequena ( mesa p,) escaleira grande, escaleira pequena, cadeira, na mesa c, periódicos e o monicreque, na mesa g, a corda.*

### **MÚSICA 1.- Principio Andainas (Carnaval de Venecia)**

*Entra Kukas polo fondo da dereita coa burra negra, tropeza e deixa a burra na boca esquerda. Colle un periódico e le, ( pode ser que lea en alto unha noticia referente á audición), Alberte entra cando Kukas deixa o periódico na mesa cun golpe e fai unha exclamación de dor, asoma o monicreque entre as follas do periódico (Alberte)*

*Aparece unha cunca de café, Kukas toma café na mesa pequena, durme.*

*Debaixo do periódico aparece a cabeza dun boneco de papel o monicreque, fai o chascarrillo para que Kukas deixe de roncar, en troques o titiriteiro ronca mais forte... o boneco achegase ó ouvido volta a facer chascarrillo, pero ren de ren. Todo pasa na mesa central e mentres Kukas xoga coa cadeira de rodas e os ronquidos*

*No xogo das botas e o monicreque, Borxa e Alberte intercámbianse as marionetas.*

*Esperta Kukas e sae rifándolle ás botas, pola dta. O Monicreque salta de mesa en mesa e vai á mesa g.*

*Entra Kukas polo fondo esquerda cunhas tesoiras e monicreque acolloado monta chouta pola corda(Alberte- Borxa)*

*O monicreque colle unha corda e amárraa á mesa e tíraa para abaixo e baixa por ela, oe un ruído asustase e escondese tras a mesa. Kukas recolle os periódicos e a burra negra, e vaise polo medio-esq e o Monicreque agachase na mesa pequena.*

## A audición

---

**MUSICA 2.- klezmer nutcracker shirim pista 5. (danza chinesa)**

*Entra Pola esq. Alberte - titiriteiro*

**Alberte.-** Que entre a primeira  
(*á marioneta 1*)  
Ben, podes recitar uns versos.

*Kukas con Sexismundo entra pola dereita. Axúdao Borxa. Chouta na corda frouxa. (cabeza - Borxa, mans - Kukas)*

**Sexismundo.-** (*tráxica*)

Ah mísero de min, ah infeliz!  
Apurar desexos pretendo.  
Como me tratas así,  
Que delito cometín  
Contra vosoutros nacendo?

*Parte de arriba de la corda*

Y en este mundo en conclusión  
todos sueñan lo que son,  
y aunque ninguno lo entienda  
yo soñé que estaba aquí  
de estas prisiones cargado,  
más soñé que en otro estado  
más lisonjero me vi  
¿Qué es la vida?, un frenesí,  
¿Qué es la vida?, una ilusión  
Y el mayor bien es pequeño  
Y toda la vida es sueño y  
los sueños, sueños son.

*Sexismundo acolloado salta da corda á mesa p. Perde a cabeza e di o texto de hamlet*

**Sexismundo.-** Ter ou non ter.....  
Dátiles de cuestión.

*Ponse a cabeza*

**Alberte.-** Tráxico, si señor...  
Non sabe algo máis alegre?

*Alberte Organiza o espazo si fose necesario.  
O Sexismundo vaise pola dereita recitando, niso volve sobre os seus  
pasos e solta a corda.*

**Sexismundo.-** Recorde a alma durmida  
avive o siso e esperte  
contemplando como  
se pasa a vida,  
como se ven a morte

**Alberte.-** Cando montemos unha lacrimosa traxedia xa o  
chamaremos...

**Sexismundo.-** (*tráxica*)  
Sabíao... o meu sino cruel é no desterro ficar

**Alberte.-** Tranquilo estás contratado,

**Sexismundo.-** Que ben, estou contratado, que ben!

### **MÚSICA 3.- Danza chinesa**

*Alberte garda a corda e organiza o espazo -m- mais atrás e -c- centro  
dta.*

### **MÚSICA 4.- Albeniz 4**

*Entra Borxa coa Columbina fondo esquerda. Tres posicións diferentes.  
Chan, na mesa c, na mesa c sentado*

**Alberte.-** Que pase o seguinte...ou a seguinte  
Recite un poema... sen respirar....

**Columbina.-** Unha na eira do trigo  
Ó reflexo do branco luar,  
Unha nena choraba sen trégoas  
Os desdén dun ingrato galan,

i a coitada entre queixas dicía:  
“xa no mundo non teño ninguén;  
Vou morrer e non ven os meus ollos  
Os olliños do meu doce ben.”

**Alberte.-**           Moi ben. Podes cantar algo... lixeiro

*Míranse Borxa e a bailarina con cara de disimulo*

**Columbina.-**       Glups! Fili dálle o play.

### **MÚSICA 5.- Paula**

Unha noite na eira do trigo  
Ó reflexo do branco luar,  
Unha nena choraba sen trégoas  
Os desdéns dun ingrato galan,  
i a coitada entre queixas dicía:  
“xa no mundo non teño ninguén;  
Vou morrer e non ven os meus ollos  
Os olliños do meu doce ben.”

**Alberte.-**           E ¿saberá bailar? Supoño...

### **MÚSICA 6.- Shostakovich 12**

*Baila na mesa c, Borxa axúdaa a baixar. Baila abaixo e volve a subir.  
Entra Kukas con pulchinela pola fondo esquerda e ve a Columbina.  
Achegase á mesa do centro, pero ela non lle fai caso, dálle unha  
patada, volve a mesa mediana, dálle un bico a Alberte  
E vanse os dous xuntos en plan danza contemporánea. Pulchinelo vai a  
mesa g e 1º suicidio atándose a corda ao pescozo.*

**Pulchinela.-**       Que me suicidio!

*Logo vai á mesa C e 2º suicidio, se tira cara diante, levántase e cando  
vai marchar, tropeza e cae voando coma un paracaidista , freea no ar  
mira para Kukas, Kukas mira para Alberte como pedindo axuda, e  
Alberte achegase ao boneco e cólleo no ar e lévao na mesa G polo  
fondo dereita*

**Alberte.-**           Esta ben, estades contratados...

*Volve a entrar Alberte*

....Os dous

### **MÚSICA 7.- Chinesa**

*E coloca a escena, move a mesa C para atrás, e logo coloca a cadeira e senta xunto á mesa P*

**Alberte.-** Que pase a seguinte, pero con decencia

*Entra unha marioneta de cartón sen pernas*

**Alberte.-** *(rutineiro)*

Recite unha poesía...

*Kukas co cantante polo fondo esquerda cáelle un brazo e logo outro, mira para Alberte como pedindo axuda. Alberte move o brazo esquerdo da marioneta. Tose a marioneta e logo tose Alberte.*

**Cantante.-** Trisqui trisqui la pitonga,  
Lasqui trisqui la mondonga  
Trisqui trisqui la candonga  
Lasqui trisqui afogouna

**Alberte.-** E agora en chino..

**Cantante.-** *(rapeando)*

Son unha marioneta  
E recito o que me peta  
Miña lingua é unha escopeta  
Que dispara letra a letra  
Versos esgallados  
Poemas rachado  
Cancións  
Para mamalóns...

**Alberte.-** ¡Sen faltar!

**Cantante.-** E sei parar cando me mandan calar

**Alberte.-** Canta unha canción... pero de verdade

*Comeza a cantar a muiñeira de chantada como si fose gospel... entran outras dúas marionetas que lle fan os coros, o titiriteiro sumase a trapallada...*

*BORJA saca os dous negros polo fondo esquerda. Os negros rodean ao cantante e rematan todos cantando entusiasmados e move na mesa M para adiante.*

*O titiriteiro repón a figura e di:*

**Alberte.-** Por favor que esta é unha audición seria, veña deixémonos de lérias que teño mais que facer... E si non é moito pedir, podían bailar algo...

**Cantante.-** ¿Bailar?

**Alberte.-** Iso é

**Cantante.-** ¿Danzar?

**Alberte.-** Veña que ata agora ides moi ben...

**Cantante.-** ¿Brincar?

**Alberte.-** Si bailar, danzar, brincar...pero comezade xa

**Cantante.-** Temos un problema

**Alberte.-** ¿Un problema?

**Cantante.-** Pero moi pequerrechechiño...

**Alberte.-** E ¿cal é ese problemático problema?

*Érguese no ar deixando o descuberto seu medio corpo e un negro metese polo medio da mesa M*

**Marionetas.-** É que non temos pernas

*Alberte pasease pola boca da escena mentres di*

**Alberte.-** Vaia contratempo, terei que contratar un coro de medio corpo e un corpo de baile enteiro...¡Se me dispara o presuposto!

### **MÚSICA 8.- proba pernas**

*Entra Isabel coas pernas fondo dta. E baila un pouco na entrada, vai para adiante, os negros van por diante cara as pernas e o cantante vai a mesa c e no 2º cruce de pernas e negros Kukas e cantante van para a cadeira de rodas.*

*Os negros enriba das pernas saen polo fondo esquerda e o cantante baila na cadeira de rodas e saen polo fondo dta.*

*Alberte se contaxia do baile e o darse de conta do desastre choca sobre a mesa mediana.*

*Kukas co guiñol puñeteiro, 1º skech, titiriteiro, antes de que o titiriteiro diga nada, a bruxaponse a danzar ao son da musica,*

**Bruxa Revirada.-**

Eu tamén quero facer unha proba  
Pinos piniños pinos  
Pinos piniños pinos  
E no medio un carballo....

Vexo Vigo, vexo Cangas,  
tamén vexo Redondela,  
Vexo medrar os carballos no Congo.

**Alberte.-** *(achegándose á Bruxa revirada e impondo paz na escena)*

Síntoo , pero vostede pertence a un tipo de marioneta que non se axeita a nosa obra...

**Bruxa revirada .-**¿como?

### **MÚSICA 9.- Fanfarra 17**

*Sen pensalo dúas veces vai bater no titiriteiro que fuxe a lume de carozo. Carreiriña primeiro no sentido contrario o das agullas do reloxo, na 2ª volta Kukas para e dálle a Alberte que cambia o sentido, fan que corren sen moverse do sitio un par de veces e Alberte sae disparado polo fondo dereita. Kukas da outra volta esquivando os cachaporracos do guiñol.*

*Alberte volve a entrar*

**Alberte.-** *(chamando)*

¡Manolo!...  
¿Quedan moitas marionetas?

**Manolo.-** Non moitas

**Alberte.-** Que entren as seguintes...pero que estean completas.

*Entra Borxa (home-monitreque) todo nel e marionetas os xeonllos levan posta un nariz de pallaso mais unhas lentes: Elvis e Marilyn, no peito ten un arnés o que porta outra marioneta Buster Curro, e leva un guiñol nunha das mans, un conde.*

**Guiñol.-** Canta xente hai, compañeiros

**Buster Curro.-** Sal de aí, bardallas

**Marilyn.-** Creio que esquecín a barra de labios no camerino

**Elvis.-** Pois eu esquecín de botar a laca.

**Alberte.-** Eramos poucos e pariu a avoa

**Elvis.-** Estou nervioso, voume

**Guiñol.-** acompañote...

**Señora.-** pois eu quedo....mirade que titiriteiro tan guapo

**Buster.-** eu tamén, cagados e sácame este fío do queixo

**Guiñol.-** Diso nada, como cho vou quitar se estou ensaiando para sancristán

**Borxa.-** calade....cacho desastre...

**Guiñol.-** que, xa esta ben, vaia esmorga

**Borxa.-** arre lá, xa che vale....

**Señora.-** ollade que cara de poucos amigos ten ese titiriteiro.

**Guiñol.-** as aparencias enganan

*Comeza a embarullarse o dialogo e non se entende nada*

**Alberte.-** Calade, por favor calade,

**Guiñol.-** Dáme un papel, porfa, porfa,....

**Alberte.-** ¿para que queres un papel?

**Guiñol.-** para actuar na túa obra. Un papel porfa, porfa  
Me dixeron que pagas moi ben.

**Alberte.-** pero eu preciso unha marioneta que saiba recitar un  
poema

*Recitan un poema*

**Guiñol.-** airiños airiños

aires

**Señora.-** airiños

da miña terra

**Guiñol.-** airiños

airiños

aires

**Elvis.-** airiños

lévame a ela

**Señora.-** airiños airiños

**Buster.-** airiños...aaaaachus...¡Que catarro pillei!...

**Guiñol.-** ¡Bravo!

**Todos.-** ¡Bravísimo!

**Alberte.-** Pero, hai que bailar, cantar, brincar....

**Elvis.-** Iso esta chuchado, atende

*Vai acurralando a Alberte hasta sacalo de escena polo fondo esquerda  
E deixa a cadeira diante da pata do medio da dta.  
Asoma o monicreque mirando toda a secuencia*

**Alberte.-** ¡Estades despedidos!....Todos

## Intermedio 1

---

### **MUSICA 10.- ROSSINI. Gatos**

*Entra gato - Kukas polo fondo dereita e vai á mesa c e a gata - Borxa polo fondo esquerda e salta á mesa m. Xoguetean namorándose chouta mesa -c- e mesa m. Mentres monicreque - isa entra por diante dereita. E arrima a cadeira. Os gatos ven ao monicreque e salta a gata e o monicreque escapa coa cadeira para a boca esquerda. Os gatos saltan á cadeira e o monicreque vai para 1º mesa m e logo mesa c. Os gatos acurralan ao monicreque e xogan ao ping pong con el. Niso os gatos dun salto chocan e pelexan entre eles e o monicreque pon pes en polvorosa e agochase na mesa pequena*

*Entra o titiriteiro Alberte pola esquerda e os gatos escapan a lume de carozo- Alberte fita para o monicreque e vai cara el e cólleo. niso a escena se conxela, entra Borxa polo fondo co serrucho e Isabel coa escaleira pola dereita acende un cenital e o monicrequeponse baixo a luz e di nun monólogo...*

**Monicreque.-** ¡Quen mo ía dicir, e grazas a os gatos!. Si eses bichos que lle teñen certo aquel a todo o que se move e sexa do tamaño dun rato... Non direi que o meu cerebro de serraduras ou o meu corazón de algodón non me xogaran unha mala pasada. ¡Vaia fantoche! diredes, pero quen ten cu ten medo; cando un micho rabuña faino adrede. Vedes esta fenda, unha rabuñada... si teñen as unllas afiadas como coitelas... Foi logo de ese intre, despois de se ir os animalíños cando o titiriteiro decatouse da miña existencia, deica entón eu non era mais que un turuleque que non valía mais que para andar tirado polo chan, un monicreque que agardaba a súa oportunidade para debutar, aínda que fose cun papel pequeniño... pasaron os días nos que eu ficaba mais esquecido cunha pedra nun tellado... non sei si se fixou nos meus ollos, no meu porte, ou si foi amor a primeira vista. fora como fose a cousa aconteceu tan de súpeto que case non lembro os pormenores...

*O titiriteiro Kukas entra pola esquerda cunha burra cangada de fantoches de fíos e déixaos do lado dereito da mesa C*

**Monicreque.-** Unha desas marionetas de fíos era eu.

*Vanse Isabel coa escaleira, Borxa co serrucho e a cadeira de rodas, e o Monicreque senta na mesa*

### **MÚSICA 11.- Fanfarra 16**

*O titiriteiro amaña as marionetas, próballe unha cachola ao monicreque, non lle convence. O monicreque protesta e tenta escapar, Kukas cada vez que escapa estira o brazo e volve a achegalo ó seu carón.*

*Logo colle e déixao cunha perna soa e ponlle unha de madeira, o monicreque anda por enriba da mesa C, non lles convence.*

*Logo o Monicreque métese entre as marionetas da percha e Kukas cólleo e pono diante dunha marioneta de fíos de maneira que parece que agora o monicreque ten fíos.*

*Kukas segue sen estar convencido e sae de escena pola esquerda coa burra mentres que ó mesmo tempo entra Borxa coa mesa g pola fondo dereita*

## Os ensaios

---

*Borxa entra coa mesa g polo fondo dereita e déixaa no medio dereita da escena*

**Borxa.-** ¿E cales personaxes represento eu?

*Alberte move a mesa c e déixaa a altura da mesa g*

**Alberte.-** Agarda un anaco, primeiro quereda que improvisáramos coas marionetas

*Os manipuladores improvisan e o monicreque move mal  
Kukas entra polo fondo esquerdo e leva cara a boca esquerda a mesa m*

**Kukas.-** Ese monicreque e un desastre no seu movemento...

**Monicreque.-** Xa, despois dos amaños que me fixeches o raro é que aínda me poida mover...

**Kukas.-** Cala cachola de cartón pedra, si non é por hache é por bes pero non deixas de te queixar...

**Monicreque .-** Ao mellor a culpa é do manipulador

**Borxa.-** ¿Que queres dicir que non son un profesional?

**Monicreque.-** Eu so quero dicir que ó mellor non teño a técnica mais axeitada para ti

**Kukas.-** Mira ti que es diplomática!  
Veña, a improvisar;

**Monicreque.-** Pero é que...

**Kukas.-** Veña, recita un poema. Ou o que che pete e che de a gana.

**Monicreque.-** Xa está ben, un agarda que lle chegue a súa oportunidade, pero vosoutros sempre nos poñedes trabas, e así non hai

quen triunfe ... Mais chegara o día en que nos ergamos sobre nosa miserenta vida e poñeremos orde onde agora so hai caos.

*Mirando para a Columbina que está abaixo tirada*

¿Somos ou non monicreques verdadeiros?...

*Mirando para Borxa e Alberte*

¿e vos que sodes?... titiriteiros de pouca monta...

**Borxa.-** ¡Cala xa, sacamoas! ¡cacho mitin!... Isto non é mais que unha audición, un maldito casting, comprendes?, tratase de probar a ver a quen lle dan un papel na obra que estamos a montar, entendes?

**Monicreque.-** ¿logo dádesme un papel?

**Borxa.-** Eu marcho que teño moita fame

**Monicreque.-** Fame, fame, fame...  
Hai que traballar máis e comer menos

**Borxa.-** E logo, ti non tes fame, monicreque do carallo

**Monicreque.-** As marionetas non comemos.

**Borxa.-** Pois os titiriteiros, si...  
E tamén cobramos...cando nos pagan

**Kukas.-** Así non imos a ningunha parte, collede o guión e estudade os vosos papeis...

**Borxa.-** Pero aínda non os repartiches...

**Kukas.-** Repartídelos como queirades... a cambialos hai tempo

*Kukas falando con Borxa*

**Kukas.-** Ti entras pola dereita...

**Borxa.-** ¿Por aquí?

**Kukas.-** Non, a dereita no teatro é sempre a dereita do espectador...

**Borxa.-** Claro, esta (*sinala a súa dereita*)

**Kukas.-** Merda, a do espectador, ti es o espectador?

**Borxa.-** As veces...

**Kukas.-** Pero, agora es un titiriteiro, un monicrequeiro , polo tanto a túa esquerda é a dereita

**Borxa.-** do espectador

**Kukas.-** Xa esta ben, comecémolo ensaio.  
Veña facede unha italiana

*O Titiriteiro Borxa pon o brazo como si fose unha góndola, o outro manipulador pon o monicreque encima e cantan:*

**Borxa/Alberte.-** O sole mío  
Sta ´ fronte a te;  
O sole, o solo mío  
Sta ´nfrente a te;  
Sta ´nfrente a te;...

**Kukas.-** Abonda xa

**Borxa.-** Unha canción napolitana non é italiana?...

**Kukas.-** Unha italiana é dicir o texto de memoria sen ler o libreto

**Borxa/Alberte.-** ¡Ah! ¡Xa!

**Kukas.-** Da igual, farémolo ensaiando...interpretando, ou sexa: movendo as marionetas.

*Os manipuladores enredan coas marionetas facendo ximnasia. Entra Isabel cargada cos decorados e o vestiario.*

**MÚSICA 12.-**

**Isabel.-** ¿E agora que facedes?

**Alberte.-** Quentamos coas marionetas...

**Kukas.-** As movemos, interpretando, dicindo o texto, bla bla

**Borxa.-** ¿onde estas ra... ra ... xa rabelo?

**Isabel.-** Romero, e que aínda non aprendíche-lo texto?

**Alberte.-** Eu si pero o monicreque este non

**Monicreque.-** Ei, ei, que vos sodes os que tedes que saber o texto, nos deixámonos facer.

**Borxa.-** Mira, mira, nin ten xeito, é coma un papel arrugado.

**Monicreque.-** Sen faltar, que eu nunca dixen de vos que como profesionais forades un desastre...

**Borxa.-** Si es tan autosuficiente actúa ti so.

**Kukas.-** Como sigades discutindo, quedades despedidos

**Monicreque.-** ¿eu tamén?

**Kukas.-** Tamén...Non ti non, como vou despedir a un monicreque?

**Borxa.-** Pois si nós nos vamos chiao chiao función

**Kukas.-** Estimado publico a compañía de monicreques, turuleques fantoches e monifates, ten o pracer de representar para vostedes “RAMIRO E JOLITA” obra de pompa e circunstancia para monicreques e o que atopemos na cesta da compra escrita polo grande dramaturgo: Ghüilian Chespír, dixit

*(ao monicreque)*

¿Estades preparados?

**Monicreque.-** ¡Si!

**Kukas.-** Señores e señoras, estimado público poden acender ós seus teléfonos móbiles, facer fotos con flash, e gravar a obra en vídeo e se algún queda ben poden enviálo ao emilio que aparece no programa e faremos un vídeo publicitario.

**KUKAS.-** Pois !que comece o espectáculo;

## Rómeo e Chuleta

---

### **MÚSICA 13.-**

#### 1º O Baile e a Voda

*Barullo, os monicrequiños están a danzar, festa rachada.*

*Romero(Monicreque) coñece a Jolita(Columbina), unha moza do mais apetitoso, namorase de súpeto, os corazóns dos amantes saenlle do peito ó tempo que os namorados fanse parvadas, entre nubes de algodón*

*Saen os negros, un por cada lado dicindo que nunca casaran montescos e capuletos.*

*Na adega está o Frade (Cantante) que remata casando, os dous son mais felices que se lles tocasse a lotería, cada quen vai para a súa morada, para disimular ante os parentes, aquí non pasou ren.*

#### 2º Romero no balcón

*Jolita entra no seu castelo e Romero colle unha corda ou unha escaleira e sube. Movementos erótico festivos no castelo.*

#### 3º Romero mata a Teobaldo

*Esta escena nola saltamos*

#### 4º Romero no desterro

*Romero é xulgado polo Príncipe de Vergara (Guiñol conde) e é condenado ó desterro e vai todo triste para a mesa p.*

#### 5º Conde París faille ás beiras a Jolita

*Mentres un ridículo Conde París (Pulchinela) faille as veiras a Jolita...*

*Dialogo de besugos sobre o suicidio de París, o desterro de Romero e que esquecemos representar a morte de Teobaldo e Mercuccio.*

**Borxa.-** Pero, ¿ese por que se suicida?

**Pulchinela.-** Non me estou suicidando, estou perseguindo á moza

**Borxa.-** E logo, Romero ¿ por que está no desterro?, se aínda non matou a ninguén

**Alberte.-** Iso, ¿por que estamos no desterro?, eh

**Isabel.-** Ostras, esquecémonos de representar a escena da morte de Mercuccio e Teobaldo.

- Alberte.-** E, ¿agora que facemos?
- Borxa.-** Eu seguiría
- Kukas.-** Estimado público, Teobaldo mato a Mercuccio, e Romero...
- Monicreque.-** Ou sexa, eu
- Kukas.-** Iso, el mato a Teobaldo , e por iso está castigado no desterro.
- Borxa.-** Así que volvemos ó punto onde o deixamos e seguimos. Perdoen a interrupción.

*Continuamos a función. O Conde París persegue a Jolita esta fuxe a cripta onde esta o Frade, chora, laiase...*

### 7º O Veleno e a morte de todo quisqui

*O Frade ten unha idea luminosa, dálle un grolo dunha garrafa de güisqui, Xulieta apaña a Garrafa e valeira o contido, canta e danza como unha posesa de súpeto cae sobre un leito de pedra e fica como morta... o Frade cambia a botella por unha de veleno. Hai un cambio de decorado que botase para atrás.*

*O Conde París entra tamén na cripta e olla a Romero bicando a Jolita, cabrease, e cheo de carraxe batese con Romero, Romero mátao e coa mesma espada atravesa a Kukas que morre diante da mesa c. logo no seu desespero colle veleno e bebe e cae fulminado.... Jolita esperta ve ó seu amado ós seus pes, ponse leda e o bica con moito agarimo, dáse conta que Romero fica teso... colle o veleno e tamén bebe e morre. Borxa tamén bebe sen querer e morre enriba da mesa m.*

*Entra o Príncipe de Verona movido por Alberte e mailo Frade o ver tal desfeita bótanlle a culpa o manipulador do frade, o Príncipe de Verona colle unha escoba e mata primeiro o Frade e logo finiquita a Isabel, Alberte lle rifa pois agora non poden continuar a representación, o Príncipe de Verona colle unha caxata e bate en Alberte deica rematar con el que cae debruzado encima da mesa, soltando ao Príncipe de Verona que cae o chan.*

*No fondo sae un anuncio do periódico solicitando titiriteiros para representar a obra Romero e Jolita de Güillian Chespi.*

**FIN**